

Autopoética sen título

Claudio Rodríguez Fer

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

RODRÍGUEZ FER, CLAUDIO (2011 [1987]). “[Autopoética sen título]”. En *A boca violeta*. Barcelona: Sotelo Blanco, colección Leliadoura. Reedición en *poesiagalega.org*. *Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*. <<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/1828>>.

2 | Por referencia á publicación orixinal

RODRÍGUEZ FER, CLAUDIO (1987). “[Autopoética sen título]”. En *A boca violeta*. Barcelona: Sotelo Blanco, colección Leliadoura.

* Edición dispoñíbel desde o 16 de febreiro de 2012 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

O libro *A boca violeta* reúne poemas diversos escritos entre 1984 e 1986 en lugares moi diferentes. En conxunto, pertence á serie composta por *Poemas de amor sen morte*, *Tigres de ternura* e *Historia da lua*, cos que forma un ciclo. Asimesmo, participa cunha composición do ciclo representado polo libro *Cinepoemas*.

A xénese do poema erótico «A boca violeta» procede, en parte, do subconsciente e das alucinantes xeografías oníricas de Xauxa, Cucaña, Pomona e demais Utopías míticas da felicidade. De feito, *O País de Xauxa* pintado por Brueghel ten quizais a mesma presenza plástica nestes versos que a referencia explícita á inmensa boca de *Á hora do Observatorio*, os amantes do surrealista Man Ray.

A sección «Mordedura mortal» está integrada por poemas eróticos enmarcados na natureza e participa de temas moi recurrentes nos meus libros anteriores.

A serie «Emakume» xira predominantemente en torno á arte e ten a Euskal Herría como principal ámbito de referencia. O poema «Muller cromlech» aúna ambos componentes baixo o signo espacial de Oteiza, mestre na ética e na estética.

O apartado «Herbario» engloba poemas sobre a natureza partindo de Galicia ou quizais viceversa. O tronco central é vitalista e cósmico, pero penso que del se derivan ponlas circunstancialmente ecolóxicas, paisaxísticas, comunais e autobiográficas.

«Todo a ti» trata do amor e da musa en sintonía depurada cos meus poemarios anteriores. Finalmente, a composición «A cabeleira (Fragmentos)» anticipa algúns versos dun longo poema en elaboración, que acaso non terá fin.

Borges demostrou nunha parábola sobre a lectura literaria que toda obra pode ser lida de modo diferente segundo a época. Eu son consciente de que se os meus libros foran publicados nun tempo de hexemonía da temática paisaxística, teríase resaltado neles a visión vitalista da natureza e, de ser editados nunha época de preocupación predominantemente social, teríase advertido ante todo a perspectiva ideolóxica libertaria ou o interés pola entidade comunal de Galicia. A súa saída á luz nestes anos provocou a anteposición da dimensión erótica ás anteriores e cando se poña de moda a reflexión literaria destacárase sobre todo o seu contido metapoético. (Neste sentido, agora que a poesía erótica ten xa abondoso cultivo en galego, quizais debería calificar a miña de meta-erótica, posto que a autenticidade vital é o único pulo creativo do amor e da poesía que percura o seu coñecimento e transcendencia.)

En realidade, a natureza, a utopía libertaria, Galicia, o erotismo ou o coñecimento están en todos os meus libros porque eu nunca quixen facer exclusivamente poesía cósmica, ideolóxica, nacional, erótica ou metapoética, senón poesía sen adxectivos, é dicir, poesía total.

C.R.F.
Lugo, 1986.